

PROCEDIMENTO DE TRABAJO EN ESPACIOS CONFINADOS

PROCESO DE APROBACIÓN DA INSTRUCCIÓN:

ELABORADO POLO:	INFORMADO POLO:	APROBADO POLO:
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DA UDC REPRESENTADO POLA XEFA DO SERVIZO	COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE DA UDC REPRESENTADO POLO PRESIDENTE	XERENTE DA UDC (por delegación do reitor)
DATA 19/12/2023	DATA 19/12/2023	DATA 19/12/2023

RESUMO DE REVISIÓNS DA INSTRUCCIÓN		
REVISIÓN NÚMERO	DATA	DETALLE DAS MODIFICACIÓNS

RESUMO DE ACTUALIZACIÓNS DAS REVISIÓNS		
ACTUALIZACIÓN NÚMERO	DATA	DETALLE DAS ACTUALIZACIÓNS

Código Seguro De Verificación	3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Elena Fernández Dopico	Asinado	20/12/2023 10:49:42
Observacións	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2023 09:48:31
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Páxina	1/39
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ÍNDICE

1. OBXECTO	5
2. ALCANCE E ÁMBITO DE APLICACIÓN	5
3. NORMATIVA APLICABLE	6
4. DEFINICIÓNS	8
5. METODOLOXÍA DE TRABAJO	12
5.1. Fases ou ítems para ter en conta nos traballos en espazos confinados	12
5.1.1. Introducción	12
5.1.2. Recursos humanos e materiais	13
5.1.3. Vixilancia da saúde	14
5.1.4. Descrición do recinto	15
5.1.5. Riscos e a súa avaliación	15
5.1.6. Sinalización	16
5.1.7. Permiso de entrada	16
5.1.8. Ventilación	17
5.1.9. Vixilancia desde o exterior	17
5.1.10. Equipos de protección individual respiratoria	18
5.1.11. Rescate e auxilio de accidentados	18
5.2. Documentación aplicable	18
5.2.1. Traballos realizados por persoal da UDC	18
5.2.2. Traballos realizados por persoal de empresa allea	19
5.3. Procedemento de traballo	19
5.3.1. Fase 0. Catalogación de espazo confinado	19
5.3.2. Fase 1. Requisitos previos ao acceso	21
5.3.3. Fase 2. Acceso ao espazo confinado	22
5.3.4. Fase 3. Realización dos traballos	26
5.3.5. Fase 4. Finalización dos traballos	26
6. RESPONSABILIDADES	27
6.1. Responsable da emisión da orde de traballo en espazo confinado (persoal da UDC)	27

Código Seguro De Verificación	3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Elena Fernández Dopico	Asinado	20/12/2023 10:49:42
Observacións	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2023 09:48:31
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Páxina	2/39
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



6.2. Responsable da execución do traballo (sexa persoal da UDC ou dunha empresa allea)	27
6.3. Recurso preventivo (sexa persoal da UDC ou da empresa allea) Art. 22 bis do RD 604/2006 e Art. 32 bis da Lei 54/2003	28
6.4. Traballador ou traballadores que realicen o traballo (sexan persoal da UDC ou de empresas externas)	29
6.5. Servizo de Prevención	30
7. ANEXOS	31
ANEXO I: CLASIFICACIÓN DO ESPAZO CONFINADO	32
ANEXO II: SOLICITUDE / APROBACIÓN DE TRABALLOS NO EC	33
ANEXO III: PERMISO DE TRABAJO	35
ANEXO IV: CONTROL DE MEDICIÓN	37
ANEXO V: REXISTRO DA VIXILANCIA DOS TRABALLOS EN EC	39
ANEXO VI: REXISTRO DE INCIDENCIAS	40

Código Seguro De Verificación	3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Elena Fernández Dopico	Asinado	20/12/2023 10:49:42
Observacións	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2023 09:48:31
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Páxina	3/39
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



1. OBXECTIVO

Este procedemento ten como obxectivo fundamental establecer as fases de traballo e os puntos clave de seguranza co fin de garantir que determinados traballos que poidan xerar riscos de accidentes debido á realización de actividades de especial perigosidade como son os traballos en espazos confinados, se realicen baixo condicións controladas en todo o ámbito da Universidade da Coruña (a partir de agora UDC).

Tamén pretende sensibilizar as empresas, delegados de prevención, e traballadores con e sen responsabilidades que desenvolvan, contraten ou autoricen traballos en instalacións da UDC dos riscos existentes nestas localizacións e da necesidade de establecer, para eliminar ou minimizar estes, unha secuencia lóxica de traballo que asegure que o persoal implicado nas tarefas non está exposto a situacións de risco intolerables, nin se pon en risco grave a terceiros.

A instrución está aberta á mellora continua e ás modificacións introducidas pola lexislación, por acordos do Comité de Seguridade e Saúde, por cambios nas condicións de traballo da UDC, ou por outras circunstancias.

2. ALCANCE E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Aplicarase a todo tipo de traballo nun espazo confinado, sexa este frecuente ou ocasional e sexa cal sexa o tipo de tarefa que motiva a entrada (mantemento, reparación, limpeza, inspección etc.) en todos os centros de traballo da UDC, e afectará a todo o persoal da Universidade e doutras institucións e empresas con actividade laboral nos centros de traballo da UDC.

Nos casos necesarios establecerase tamén a coordinación de actividades empresariais que incluírá a entrega ás empresas da presente instrución segundo o que establece o Real decreto 171/2004 de coordinación de actividades empresariais.

Enténdese por espazo confinado calquera espazo con aberturas limitadas de entrada e saída e ventilación natural desfavorable, en que se poidan acumular contaminantes químicos, tóxicos ou inflamables, ou ter unha atmosfera deficiente de osíxeno, ou producirse unha inundación repentina e que non está deseñado para unha ocupación continuada por parte do traballador/a. Ademais, deberase ter en conta que algunhas tarefas que se realizan nestes locais poden converter a atmosfera do espazo en irrespirable por consumo de osíxeno ou por contaminación de produtos tóxicos.

Código Seguro De Verificación	3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Elena Fernández Dopico	Asinado	20/12/2023 10:49:42
	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2023 09:48:31
Observacións		Páxina	4/39
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Debido á amplitude do que se pode considerar como espazo confinado, indícase unha lista NON EXHAUSTIVA do que podemos atopar na UDC, a modo de guía:

- Galerías subterráneas de calefacción, de instalacións eléctricas e doutro tipo de subministración
- Galerías de servizo en edificios
- Conducións subterráneas de augas residuais
- Fosas sépticas
- Arquetas subterráneas
- Depósitos e tanques de almacenamento (combustibles, auga...)
- Caldeiras
- Silos
- Etc.

3. NORMATIVA APLICABLE

Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais (BOE 10/11/1995)

Lei de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais (Lei 54/2003, do 12 de decembro) (BOE 13/12/2003)

Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención (BOE 31/01/1997)

Real decreto 604/2006, do 19 de maio, que modifica o Real decreto 39/1997 polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención (BOE 29/05/2006)

Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo (BOE 23/04/1997)

Guía técnica para a avaliación e prevención dos riscos relativos á utilización de lugares de traballo

Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo (BOE 23/04/1997)

Guía técnica de sinalización de seguridade e saúde no traballo

Código Seguro De Verificación	3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Elena Fernández Dopico	Asinado	20/12/2023 10:49:42
Observacións	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2023 09:48:31
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Páxina	5/39
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual (BOE 12/06/1997)

Real decreto 1076/2021, de 7 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 773/1997, de 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual (BOE 08/12/2021).

Guía técnica para a utilización polos traballadores no traballo dos equipos de protección individual

Real decreto 1407/1992, do 20 de novembro, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipos de protección individual (BOE 28/12/1992)

Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais (BOE 31/01/2004)

Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (BOE 07/07/1997)

Guía técnica para a avaliación e prevención dos riscos relativos á utilización dos equipos de traballo

Real decreto 1435/1992, do 27 de novembro, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva 89/392/CEE do Consello, do 14 de xuño, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros sobre máquinas, modificada pola Directiva 91/368/CEE do Consello, do 20 de xuño, e se fixan os requisitos esenciais correspondentes de seguridade e saúde (BOE 11/12/1992)

Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción (BOE 25/08/2007)

Real decreto 2177/2004, do 12 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo, en materia de traballos temporais en altura (BOE 13/11/2004)

Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras en construción (BOE 25/10/1997)

Real decreto 374/2001, do 6 de abril sobre a protección da saúde e seguranza dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo (BOE 01/05/2001)

Código Seguro De Verificación	3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Elena Fernández Dopico	Asinado	20/12/2023 10:49:42
Observacións	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2023 09:48:31
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Páxina	6/39
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Real decreto 681/2003, do 12 de xuño, sobre a protección da saúde e a seguranza dos traballadores expostos aos riscos derivados de atmosferas explosivas no lugar de traballo (BOE 18/06/2003)

Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo (BOE 24/05/1997)

Real decreto 614/2001, do 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguranza dos traballadores fronte ao risco eléctrico (BOE 21/06/2001)

NTP 223. Traballos en espazos confinados

NTP 560. Sistema de xestión preventiva: procedemento de elaboración das instrucións de traballo

Guía I.T.S.S. e protocolo de actuación inspectora en espazos confinados 2006

Guía OSALAN para a prevención de riscos laborais nos espazos confinados

Límites de exposición profesional para axentes químicos en España, publicado polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo

Outra regulamentación industrial (ATEX; REBT; aparatos a presión...)

4. DEFINICIÓNS

ESPACIO CONFINADO

Enténdese por espazo confinado calquera espazo con aberturas limitadas de entrada e saída e ventilación natural desfavorable, en que se poidan acumular contaminantes químicos, tóxicos ou inflamables, ou ter unha atmosfera deficiente de osíxeno, ou producirse unha inundación repentina e que non está deseñado para unha ocupación continuada por parte do traballador.

Existen dous tipos de espazos confinados:

- **Abertos** pola súa parte superior e dunha profundidade tal que dificulta a súa ventilación natural. P.e.: fosos para engraxar vehículos, cubas de desengraxado, pozos, depósitos abertos, cubas...
- **Pechados** cunha pequena abertura de entrada e saída. P.e.: reactores, tanques, salas subterráneas, gasómetros, túneles, sumidoiros, galerías, bodegas de barcos, arquetas subterráneas, cisternas de transporte...

Segundo o criterio da Inspección de Traballo podemos distinguir, desde o punto de vista operativo, tres supostos, cuxa necesidade virá determinada pola avaliación de riscos:

- **1.ª categoría:** necesita autorización de entrada por escrito e un plan de traballo específico.

Código Seguro De Verificación	3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Elena Fernández Dopico	Asinado	20/12/2023 10:49:42
Observacións	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2023 09:48:31
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Páxina	7/39
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- **2ª categoría:** precisa seguridade no método de traballo cun permiso para entrar sen protección respiratoria.
- **3ª categoría:** necesita seguridade no método, mais non se necesita permiso de entrada

Existen outros organismos, como NIOSH, que seguen unha clasificación distinta de acordo co grao de perigo para a vida dos traballadores, os cales se dividen en tres clases:

- **Clase A:** corresponde a aqueles onde existe un inminente perigo para a vida. Xeralmente riscos atmosféricos (gases inflamables e/ou tóxicos, deficiencia ou enriquecemento de osíxeno).
- **Clase B:** nesta clase, os perigos potenciais dentro do espazo confinado poden ser de lesións e/ou enfermidades que non comprometen a vida nin a saúde e poden controlarse a través dos elementos de protección persoal. Por exemplo, clasifícanse como espazos confinados clase B aqueles cuxo contido de osíxeno, gases inflamables e/ou tóxicos, e a súa carga térmica están dentro dos límites permisibles. Ademais, o risco de derrubamento, de existir, foi controlado ou eliminado.
- **Clase C:** esta categoría corresponde aos espazos confinados onde as situacións de perigo non requiren modificacións especiais aos procedementos normais de traballo ou o uso dos EPI adicionais. Por exemplo: tanques novos e limpos, fosos abertos ao aire libre, canos novos e limpos etc.

ATMOSFERA PERIGOSA

Unha atmosfera considérase perigosa para as persoas cando, debido á súa composición, existe risco de morte, incapacidade, lesión ou enfermidade grave, ou dificultade para abandonar o recinto polos seus propios medios.

Considérase atmosfera perigosa cando a concentración de osíxeno é inferior ao 19,5% en volume (risco de asfixia por insuficiencia de osíxeno), cando a concentración de gases ou vapores inflamables supera o 10% do seu límite inferior de explosividade (risco de explosión ou incendio), cando a concentración ambiental de calquera substancia, ou do conxunto de varias, supera os seus límites de exposición laboral (risco de intoxicación por inhalación de contaminantes) etc.

ATMOSFERA INMEDIATAMENTE PERIGOSA PARA A VIDA

Unha atmosfera é inmediatamente perigosa para a vida cando debido á súa composición existe risco de morte inmediata. Éntrese nesta categoría cando o contido de osíxeno é inferior ao 17% en volume, ou a concentración de gases ou vapores inflamables alcanza o 25% do límite inferior de explosividade, ou a concentración ambiental dunha substancia alcanza o seu límite I.P.V.S.

Código Seguro De Verificación	3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Elena Fernández Dopico	Asinado	20/12/2023 10:49:42
Observacións	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2023 09:48:31
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Páxina	8/39
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



EQUIPO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI)

Calquera elemento disposto ou suxeitado polo traballador para que o protexa contra un ou varios riscos que afecten á súa seguridade ou á súa saúde.

ENTRADA

Acto que se inicia desde o momento en que calquera parte do corpo cruce o plano de apertura (por exemplo exceder a liña da boca de home nunha entrada a tanque).

RESPONSABLE DIRECTO DOS TRABALLOS POLA UDC

Responsable directo da UDC que organiza e planifica os traballos que se realizan no espazo confinado. Non é necesaria a súa presenza física na zona de traballo de forma continua. Debe aprobar o procedemento de traballo no espazo confinado. Debe levar a cabo controis periódicos que verifiquen que todas as medidas preventivas requiridas se realizan correctamente e que se cumpran as indicacións da presente instrución de traballo, deixando constancia por escrito. Deberá levar un rexistro documental de permisos de traballo, permisos de entrada, medicións efectuadas, formación impartida, vixilancia da saúde, entrega e recepción dos EPI etc.

ENTRANTE

A persoa que foi autorizada a entrar nun espazo confinado, que dispón da formación específica do seu posto de traballo e para realizar traballos en espazos confinados, que coñece e entende os riscos potencialmente presentes, así como as medidas preventivas, o alcance e os límites do traballo e os procedementos de evacuación e rescate.

OBSERVADOR

Debe dispor do mesmo nivel de protección (colectiva e individual) que o traballador entrante.

Permanecerá no lugar de entrada en todo momento.

Dispón da formación específica do seu posto de traballo e para realizar traballos en espazos confinados, coñece e entende os riscos potencialmente presentes, así como as medidas preventivas, o alcance e os límites do traballo e os procedementos de evacuación e rescate.

Persoa situada fóra do espazo confinado, na entrada, que ten asignadas as funcións seguintes:

- Controlar o acceso ao espazo confinado.
- Supervisar o persoal entrante.
- Manter as comunicacións coas persoas entrantes.

Código Seguro De Verificación	3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Elena Fernández Dopico	Asinado	20/12/2023 10:49:42
Observacións	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2023 09:48:31
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Páxina	9/39
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Controlar o mantemento das condicións de entrada acordadas no permiso.
- Comunicar incidencias e/ou a necesidade de iniciar o plan de rescate, se for necesario.

RESPONSABLE DIRECTO DOS TRABALLOS / COORDINADOR

Responsable directo da empresa contratista (encargado), por si mesmo ou por delegación do empresario, da execución correcta dos traballos e que verifica o cumprimento das condicións de seguridade para a entrada requiridas na instrución. Ten as seguintes obrigas:

- Dispor de capacidade executiva para paralizar os traballos.
- Dispor de coñecementos específicos teóricos e prácticos en espazos confinados.
- Permanecer en todo momento na zona de traballo, sen entrar en ningún momento no espazo confinado.
- Cubrir e validar mediante a súa sinatura o permiso de entrada no espazo confinado.
- Tomar as decisións para iniciar o rescate.

Sobre esta figura poderán recaer as funcións de recurso preventivo.

RECURSO PREVENTIVO

Traballador con formación en prevención de riscos laborais (mínimo Nivel Básico de 50 horas) e formación específica en traballos en espazos confinados, que efectúa a supervisión dos traballos para verificar que todas as medidas preventivas requiridas están operativas e os procedementos de traballo se executan correctamente. Deberá permanecer de forma continua na zona de traballo e con posibilidade de comunicación inmediata co COORDINADOR, no caso de que este non estea presente.

A presenza é unha medida preventiva complementaria que ten como finalidade vixiar o cumprimento das actividades preventivas en relación cos riscos derivados da situación que determine a súa necesidade para conseguir un control adecuado dos devanditos riscos.

A dita vixilancia incluírá a comprobación da eficacia das actividades preventivas previstas na planificación, así como da adecuación de tales actividades aos riscos que pretenden previrse ou á aparición de riscos non previstos e derivados da situación que determina a necesidade da presenza dos recursos preventivos.

Cando, como resultado da vixilancia, se observe un deficiente cumprimento das actividades preventivas, os recursos preventivos:

Código Seguro De Verificación	3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Elena Fernández Dopico	Asinado	20/12/2023 10:49:42
Observacións	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2023 09:48:31
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Páxina	10/39
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Farán as indicacións necesarias ao coordinador, para o correcto e inmediato cumprimento das actividades preventivas.
- En caso necesario, deberán pór tales circunstancias en coñecemento do empresario ou da persoa que designe, para que adopte as medidas necesarias para corrixir as deficiencias observadas, se estas non fosen aínda emendadas.

Cando, como resultado da vixilancia, se observe ausencia, insuficiencia ou falta de adecuación das medidas preventivas, as persoas a que se asigne a presenza deberán pór tales circunstancias en coñecemento do empresario, que adoptará de maneira inmediata as medidas necesarias para corrixir as deficiencias e modificar a planificación da actividade preventiva e, de ser o caso, avaliar os riscos laborais.

PERSOAL DE RESCATE

En xeral, persoal da Brigada de Emerxencias que planifica o rescate previamente á entrada e está dispoñible para intervir en caso de emerxencia.

5. METODOLOXÍA DE TRABAJO

5.1. FASES OU ÍTEMS QUE SE TERÁN EN CONTA NOS TRABALLOS EN ESPACIOS CONFINADOS

5.1.1. INTRODUCCIÓN

Para establecer un protocolo de actuación en espazos confinados é necesario considerar se a actividade da empresa se dedica constantemente a traballos que se realizan neste tipo de recintos ou simplemente se trata dunha eventualidade; en ambos os casos é necesario contar cun protocolo de actuación.

O protocolo de actuación refírese á orde de actividades e de previsións que é necesario pór en práctica para realizar os traballos necesarios nesas situacións, salvagardando a seguridade e saúde dos traballadores.

Nos espazos confinados concorren riscos de distinto signo:

- Riscos xerais inherentes aos tipos de traballo como caídas de altura, caídas ao mesmo nivel, cortes, golpes, atrapamentos, proxección de partículas, contactos eléctricos directos e indirectos, posturas forzadas, sobreesforzos etc.
- Riscos específicos como asfixia por deficiencia de osíxeno, atmosferas explosivas debido ás substancias inflamables que adoita haber nos recintos confinados e intoxicación debido á existencia de gases tóxicos.

Código Seguro De Verificación	3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Elena Fernández Dopico	Asinado	20/12/2023 10:49:42
Observacións	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2023 09:48:31
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Páxina	11/39
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Aquí interesan os riscos específicos; para o seu control é necesario establecer un protocolo de actuación que recolla un conxunto de obrigacións empresariais que nunha orde metodolóxica e práctica sexan obxecto de cumprimento.

Este protocolo de actuación implica unha planificación das actividades nos espazos confinados; unhas previas aos traballos no interior dos recintos e outras referidas ás condicións interiores dos devanditos recintos.

5.1.2. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

A empresa que vaia realizar traballos en espazos confinados, debe dispor dos recursos humanos e materiais necesarios para acometer os devanditos traballos.

A empresa debe dispor dos seguintes recursos humanos:

- Empregados especialistas nos traballos perigosos dos recintos (entrante, observador...)
- Recurso preventivo por designar, xa que se trata de traballos en espazos confinados, é dicir, incluídos como perigosos no artigo 32bis da LPRL e artigo 22bis do Regulamento dos servizos de prevención.
- Técnico de prevención especialista na materia e coñecedor dos riscos xerais e das medidas preventivas que se adoptarán.

Estes recursos humanos deberon recibir a formación específica pertinente mediante os cursos correspondentes en materia de prevención de riscos laborais.

Tamén a empresa debe dispor dos medios materiais necesarios e suficientes co fin de garantir a prevención e o control do risco:

- **Equipos de protección individual**

Como regra xeral utilizaranse casco, luvas e calzado de seguridade.

Equipos de protección respiratoria: máscaras con filtro, equipos de respiración autónomos ou equipos de respiración semiautónomos.

Equipos de protección anticaídas, arnés anticaídas, mosquetóns, cordas, medios para autorrescate etc.

Outros equipos de protección individual, dependendo das substancias que poidan existir no espazo confinado, as condicións deste espazo e os traballos que se realicen:

- Protección auditiva, con motivo do efecto campá que se poida producir.
- Resistente ao lume ou á calor, se existen materiais inflamables ou se utilizan soldadura.

Código Seguro De Verificación	3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Elena Fernández Dopico	Asinado	20/12/2023 10:49:42
Observacións	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2023 09:48:31
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Páxina	12/39
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Traxes acedos, botas, luvas especiais con substancias tóxicas, corrosivas, nocivas etc. (mergullador tipo Tyvek, roupa impermeable etc) Hai que considerar o risco químico e/ou biolóxico.
- **Sistemas de ventilación etc.**
Se existe un sistema establecido na empresa, hai que indicar as súas características.
O sistema de ventilación asegurará que as condicións son aceptables e están controladas no interior do EC. (% O₂, % LIE, VLA...)
- **Material de sinalización e balizamento**
Carteis indicadores de traballo, cintas de delimitación, conos, valado etc.
- **Equipos de verificación da atmosfera**
Explosímetros, detectores de gases etc.
- **Medios dispoñibles para realizar o acceso**
Escaletas, escalas, plataformas, cordas etc.
- **Medios dispoñibles para emerxencias**
Equipos de loita contra incendios, padiolas etc.

Nota: dos anteriores medios materiais especificaranse, co maior nivel de detalle posible, os esixidos para o acceso segundo a presente instrución.

5.1.3. VIXILANCIA DA SAÚDE

A planificación dos traballos en espazos confinados esixe a práctica da vixilancia da saúde específica daqueles traballadores que van ser destinados a realizar traballos; a asunción de programas de vacinación é un aspecto para ter en conta.

Os recoñecementos médicos terán en conta patoloxías como perdas do coñecemento, afeccións cardiovasculares, dispnea de esforzo, hipoacusias, vertixes, así como calquera outra incapacidade para o traballo que se realiza.

Moi importantes son as vacinacións, as cales estarán en función das substancias previsibles que poidan concorrer nos recintos; vacinas fronte a tétanos, hepatitis etc.

Os recoñecementos médicos serán, en todo caso, específicos, seguindo os protocolos emanados do Ministerio de Sanidade e Consumo.

Código Seguro De Verificación	3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Elena Fernández Dopico	Asinado	20/12/2023 10:49:42
Observacións	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2023 09:48:31
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



5.1.4. DESCRIPCIÓN DO RECINTO CONFINADO

Antes de iniciar os traballos é necesario describir o recinto confinado, xa que se pode tratar de pozos, arquetas, cámaras subterráneas, tanques, depósitos e outros.

En función da natureza do recinto, determinaranse as posibles substancias químicas para despois avaliar os riscos; por iso, é preciso ter en conta:

- As posibles atmosferas asfixiantes, debidas tanto ao propio recinto como ao traballo, que poden provocar asfixia.
- As atmosferas inflamables inherentes ao propio recinto confinado ou pola afluencia de gases externos que poden dar lugar a incendios e explosións.
- As atmosferas tóxicas debidas á súa presenza no recinto ou ás que puidesen xerarse como efecto do traballo que se realizará, que poden dar lugar a intoxicacións.

Por iso, hai que ter un plano, se é posible, do recinto confinado, así como das posibles substancias perigosas propias da composición e finalidade do propio recinto; outras substancias serán provenientes de conducións próximas de gas, de depósitos, de tanques etc.

5.1.5. RISCOS E A SÚA AVALIACIÓN

Identificados os riscos de asfixia, incendio e explosións e as substancias tóxicas a que hai que engadir os riscos biolóxicos, é necesario proceder á súa avaliación de acordo co previsto no artigo 16 da LPRL.

Trátase dunha avaliación previa á entrada do persoal traballador; para iso, teranse en conta as seguintes previsións:

- Comprobación da idoneidade dos equipos de medida.
- Realización de medicións desde unha zona segura, é dicir, desde o exterior ou desde un punto valorado xa como non perigoso.
- A orde das medicións será o seguinte: contido de osíxeno, explosividade e toxicidade.
- A avaliación debe abarcar todo o espazo do recinto, aínda que se preveña que a exposición poida ser circunstancial.

Os resultados destas avaliacións darán lugar á adopción das medidas preventivas que correspondan.

Hai que lembrar que esta avaliación é previa á entrada ao recinto, sen prexuízo de que durante os traballos haxa que seguir avaliando os riscos.

Código Seguro De Verificación	3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Elena Fernández Dopico	Asinado	20/12/2023 10:49:42
Observacións	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2023 09:48:31
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Páxina	14/39
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



5.1.6. SINALIZACIÓN

A sinalización é a forma máis adecuada de que os traballadores poidan percibir os riscos, aínda que estes non se eliminan nin se controlan en absoluto con este método.

A sinalización é moi importante nos espazos confinados polas seguintes razóns:

- Os traballos nos espazos confinados son puntuais e imprevistos, polo que é difícil planificar medidas colectivas absolutas; a sinalización compensa esta deficiencia.
- Os medios de prevención son moi variables e as posibles substancias perigosas tamén; por iso é necesaria a sinalización.
- Unha boa sinalización reduciría os accidentes que se producen en espazos confinados.

Como sinais máis importantes previstas no Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo, cabe citar as seguintes:

- Sinal de perigo de atmosfera tóxica
- Sinal de perigo de atmosfera explosiva
- Sinal de perigo de atmosfera asfixiante

5.1.7. PERMISO DE ENTRADA

O permiso de entrada é fundamental nos traballos en espazos confinados, posto que é necesario controlar as entradas de todo o persoal.

O permiso de entrada debe facerse por escrito, ten que estar asinado polo responsable autorizado e de acordo cun formato previamente establecido.

As entradas deben reducirse ao mínimo posible, de tal sorte que non son necesarias se é posible realizar as actividades desde o exterior, por exemplo con camións de saneamento con equipos de impulsión, con accesorios de longo alcance ou con equipos motorizados.

Xunto co permiso de entrada é necesario informar os traballadores afectados das condicións do recinto, dos resultados da avaliación dos riscos, das medidas que é necesario pór en práctica e dos equipos de protección individual que deben utilizarse.

Código Seguro De Verificación	3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Elena Fernández Dopico	Asinado	20/12/2023 10:49:42
Observacións	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2023 09:48:31
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Páxina	15/39
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



5.1.8. VENTILACIÓN

Unha das medidas de prevención máis importantes é a ventilación que debe efectuarse antes da entrada e continuar despois; a este respecto, a ventilación natural debe ser o principal se se pode empregar con efectos totais positivos; de non ser posible, haberá que acudir á ventilación forzada que se debe pór en marcha a través do emprego dos seguintes equipos:

- Ventiladores portátiles bivalentes aplicables como aspiradores ou como impulsores.
- Equipos de ventilación de alta capacidade, autónomos ou dependentes.
- Equipos de succión do camión de saneamento.
- Ventiladores expulsos.

En principio, a ventilación faise desde o exterior, sen prexuízo de que, en ocasións, deba facerse desde o interior e cando se estea traballando.

Estes equipos de ventilación recibirán un mantemento periódico e constante e deberán ser utilizados de acordo con boas prácticas preventivas.

5.1.9. VIXILANCIA DESDE O EXTERIOR

Cando xa os traballadores designados están a prestar servizos, co permiso de traballo correspondente, no espazo confinado, débese garantir a existencia dun observador no exterior, na zona da entrada, coa función de vixilancia do que ocorre no interior do espazo confinado.

Esta vixilancia exterior leva consigo a comunicación do persoal vixilante exterior cos operarios que están a prestar servizos no interior do recinto; esta comunicación hai que encadrarla dentro das técnicas de prevención e pode adoptar distintos tipos:

- Visual, comunicación directa
- Acústica, mediante código de sinais sonoros
- Alarmas sonoras
- Avisadores
- Radiotelefónicas, mediante teléfonos móbiles etc.
- Radio emisoras nos vehículos de traballo

Código Seguro De Verificación	3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Elena Fernández Dopico	Asinado	20/12/2023 10:49:42
Observacións	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2023 09:48:31
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



5.1.10. EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL RESPIRATORIA

Un punto moi importante na instrución en espazos confinados é a dotación de equipos de protección individual respiratoria. Unha vez que se puxeron en práctica as medidas colectivas e externas, cando estas non lograron a eliminación do risco, procede proporcionar aos traballadores estes EPI para protexerse das emisións de substancias tóxicas e de substancias inflamables ou, se for o caso, falta de osíxeno.

Os equipos de protección respiratoria catalóganse, entre outros, en:

- Equipos filtrantes
- Equipos respiratorios illantes autónomos
- Equipos respiratorios illantes semiautónomos

Hai que informar os traballadores sobre o uso destes equipos, tendo en conta os adaptadores faciais e filtros que hai que seleccionar, a subministración do aire e o seu mantemento.

5.1.11. RESCATE E AUXILIO DE ACCIDENTADOS

É necesario planificar e elaborar procedementos para salvar as persoas e rescatalas, unha vez que sufran accidentes ou reducións físico-psíquicas por asfixia ou intoxicación no interior dos espazos confinados.

O rescate e auxilio de accidentados debe estar perfectamente planificado, de tal sorte que a salvagarda da vida doutras persoas non poña en risco a propia.

Cando haxa dificultades no rescate ou auxilio, hai que acudir aos servizos de urxencia públicos e/ou externos.

5.2. DOCUMENTACIÓN APLICABLE

Paro o acceso en condicións de seguridade a un espazo confinado na UDC débese contar antes do inicio da actividade coa seguinte documentación e información en función de quen desenvolva os traballos

5.2.1. TRABAJO DESENVOLTO POR PERSOAL DA UDC

Documentación e información requirida:

- Instrución de traballo en espazos confinados
- Ficha de identificación do espazo confinado
- Avaliación de riscos do espazo confinado

Código Seguro De Verificación	3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Elena Fernández Dopico	Asinado	20/12/2023 10:49:42
Observacións	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	20/12/2023 09:48:31
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3zIxxZgkL8m9oLrTRskE/Q==	Páxina	17/39
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Plan dos traballos que se realizarán no espazo confinado (obxectivo, descrición dos traballos, duración, avaliación de riscos, instalacións provisionais, sinalización, equipos de protección colectiva e individual, equipos de traballo, maquinaria, persoal, produtos químicos, primeiros auxilios e salvamento etc.)
- Permiso de traballo
- Permiso de entrada en espazo confinado
- Datos do persoal que realiza os traballos (formación, información, vixilancia da saúde, equipos de protección individual etc.)

5.2.2. TRABAJO DESENVOLTO POR PERSOAL DUNHA EMPRESA ALLEA

Documentación e información requirida:

- Instrución de traballo en espazos confinados
- Ficha de identificación do espazo confinado
- Avaliación de riscos do espazo confinado
- Plan dos traballos que se realizarán no espazo confinado (obxectivo, descrición dos traballos, duración, avaliación de riscos, instalacións provisionais, sinalización, equipos de protección colectiva e individual, equipos de traballo, maquinaria, persoal, produtos químicos, primeiros auxilios e salvamento etc.)
